



CONCELLO DE REDONDELA

## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.; 2026-0960 con data de 17/03/2026 pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 GUÍAS DE TURISMO, para levar a cabo o PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA 2026-2027) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (LIÑA 3) , na cal se establece o seguinte:

### “RESOLUCIÓN

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela unha axuda de 247.823,65 euros para levar a cabo o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027) da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2026), para a contratación laboral temporal de 11 traballadores/as, a tempo completo.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-0821, con data de 06/03/2026, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de 11 persoas traballadoras (3 GUÍAS DE TURISMO; 6 PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS; 2 AXUDANTES DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE), por medio dun contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena, apartado primeiro da Lei de emprego, para a realización do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan + Provincia 2026-2027).

De acordo co establecido nas Bases reguladoras e na convocatoria do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027) da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2026), o concello recorreu á oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia para realizar a preselección das persoas candidatas que reúnan os requisitos das bases a través da presentación da correspondente oferta de emprego.

A oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia preseleccionou ao seguinte número de persoas candidatas:

-3 GUÍAS DE TURISMO : (Oferta 12-2026-1646): 10 persoas.

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que

Digna Rosa Rivas Gómez (1 para 1)  
Data de Sinatura: 17/03/2026  
HASH: 704ac036e82285306b402aa51eb803e





CONCELLO DE REDONDELA

remitiu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación nos procesos para os que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos que se aprobaron con data de 06/03/2026, é polo que, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 GUÍAS DE TURISMO, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALLO CHAPELA, MARÍA REMEDIOS	**9912***
2	BLANCO PARA, ADRIÁN	**8733***
3	GATO PADÍN, MARÍA CRUZ	**1552***
4	GONZÁLEZ POUSA, MAÍRA SANDRA	**1253***
5	MATA COMESAÑA, PATRICIA BELÉN	**1144***
6	OUTERELO JUSTO, MANUEL	**0900***
7	SÁNZ GONZÁLEZ, ENRIQUE	**0771***

\*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 3 GUÍAS DE TURISMO, ás seguintes persoas aspirantes:





CONCELLO DE REDONDELA

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
1	RAMOS RODRÍGUEZ, VANESA	**1367***	NON ACREDITA HABILITACIÓN

TERCEIRO: Poderanse presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo órgano de selección, no prazo de **tres (3) días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas emendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá remitir unha copia da reclamación rexistrada xunto coa documentación que achegue ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), con anterioridade ao remate do prazo.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación provisional de persoas admitidas neste proceso selectivo.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 3RET76SC7EHZ76G6MWMMPDST  
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 3 a 3

